

TEMA 13. A RESTAURACIÓN DE FERNANDO VI E DO ABSOLUTISMO

O reinado de **Fernando VII** coincidiu no tempo coa entrada en crise do **Antigo Réxime***, un sistema contra o que os franceses se rebelaran en 1789 coa **Revolución Francesa**, e contra o cal se propoñía, tamén en España, a súa substitución polo chamado sistema liberal: con límites ao poder do rei, sen estamentos e con maiores dereitos e liberdades a recoller nunha Constitución. Pero os liberais atopáronse en España coa frontal oposición do rei e dos seus apoios tradicionais, o que xerou durante todo o seu reinado un duro pulso entre absolutistas e partidarios do liberalismo.

Fernando VII, ao que o pobo chamaba el *Deseado*, recuperou a coroa española en 1813, cando **Napoleón**, tras sufrir varias derrotas e farto da longuíssima **Guerra de Independencia**, decidiu retirar as súas tropas de España para usalas no seu intento de conquistar **Rusia**. Así, en decembro de 1813 asinou o **Tratado de Valençay**, no que devolvía a coroa a **Fernando**. Comezaba así un longo reinado que durou de **1814 a 1833**, que se caracterizou polo seu esforzo en anular o feito en **Cádiz** e manter o sistema absolutista, e no que poden diferenciarse claramente 3 etapas:

1ª) SEXENIO ABSOLUTISTA (1814-20). En marzo de 1814, **Fernando VII** regresou a España, descubriendo durante o traxecto os **apoios** que tiña:

- O pobo, que apenas entendía o feito en **Cádiz**, vía como algo alleo, dunha elite, e que ía contra a tradición, e celebrou o regreso do rei poñéndose a tirar do seu carro e berrando ao seu paso *¡vivan las cadenas!*;
- Ademais, en Valencia, 69 deputados absolutistas entregáronlle o “**Manifesto dos Persas***”, un documento no que lle pedían que restaurase o absolutismo e anulase o feito en Cádiz;
- E incluso o xeneral **Elío** puxo as tropas á disposición do rei para que recuperase o poder absoluto;
- Por suposto, a **Igrexa católica e a nobreza**, que perdían poder coa **Pepa**, tamén apoiaban a súa anulación.

Con estes apoios, en maio de **1814**, **Fernando VII** asinou un **Decreto** (Decreto de Valencia), no que se queixaba de que lle usurparan a súa soberanía para depositala sen o seu permiso nas **Cortes**, e a continuación disolvía as **Cortes de Cádiz**, anulaba a **Pepa** e decretaba a volta ao absolutismo. Algo, por certo, que tamén sucedería en case toda Europa, tras a derrota e o exilio de **Napoleón**. Ao mesmo tempo, **Fernando VII** iniciou unha feroz persecución contra todos os liberais. A maioría acabaron no cárcere, ou fugáronse ao exilio, pero algúns recorriron ao **Pronunciamento***, é dicir o levantamento de parte do exército “pronunciándose” a favor dun cambio de sistema, neste caso a favor de substituír o absolutismo por un sistema liberal inspirado en **Cádiz**.

Ata **1820** houbo numerosos pronunciamentos militares, todos fracasados (o 1º, o de **Díaz Porlier** na Coruña), rematando coa execución dos pronunciados... ata que en 1820, por fin un deles triunfou, dando lugar así a unha nova e moi diferente etapa no reinado de **Fernando VII**.

2ª) TRIENIO LIBERAL (1820-23). O 1/1/1820, estando coas súas tropas á espera de embarcar cara a América española, para combater alí as rebelións das colonias pola súa independencia, o **xeneral Rafael del Riego**, pronunciouse en **Sevilla** xunto aos seus 1600 soldados, explicándolles que non era momento para afastarse de **España**, senón para loitar pola **Constitución de 1812**, que fora elaborada durante a **Guerra de Independencia**, polo que esixía ao Rei que a xurase, pasando así dun réxime inxusto e absoluto a un réxime xusto e liberal.

Este pronunciamento foi apoiado por outros militares en Galicia e na maioría de cidades de España. O rei viuse así forzado polo seu exército a aceptar o pronunciamento e xurar a Constitución de Cádiz, algo que fixo o 10 de marzo nun **Manifesto** no que se dirixe paternalmente aos españois, para facerlles ver que entende o que piden e que está disposto para este cambio, con frases hipócritas como: *“Marchemos francamente, y yo el primero, por la senda constitucional”*, a pesar de que logo faría todo o posible por boicoteala, botala abaixo e recuperar o poder absoluto.

Neste trienio, os gobernos liberais restableceron todo o feito en Cádiz: Constitución, Cortes, Leis... Pero pronto apareceron enfrontamentos entre eles, ao xurdir **2 correntes opostas**: os **liberais moderados** (máis conservadores) e os **liberais exaltados** (máis progresistas) Esta división favoreceu os intentos absolutistas de restaurar o **Antigo Réxime**, encabezados por un **Fernando VII** que se negaba a firmar leis e que (en secreto) pedía axuda fóra. O medo dos monarcas europeos (absolutistas) a que este tipo de revolucións liberais se espallase, fixo que se preparasen formando unha **“Santa Alianza”** (para axudarse mutuamente contra toda rev.liberal), e que enviasen desde **Francia** un exército de cen mil soldados para restablecer o absolutismo: os **Cen Mil Fillos de San Luís (Luis XVIII, rei de Francia)** co **Duque de Angulema** (seu sobriño) á fronte. Ante o seu rápido avance, Goberno e Cortes refuxiáronse en Cádiz, levando ao rei con eles; pero véndose sitiados e sen reforzos, acaban accedendo a deixar saír ao rei para negociar, a cambio de que este prometa manter a **Constitución de 1812**; pero en canto sae... **Fernando VII** únese inmediatamente aos franceses e decreta alí mesmo a volta ao absolutismo, poñendo así fin ao **Trienio Liberal** e comezando unha etapa de brutal persecución aos liberais.

3ª. “DÉCADA OMINOSA” ou 2ª restauración do absolutismo (1823-1833). Esta 2ª restauración do absolutismo foi publicada na **Gaceta de Madrid** (boletín oficial do Estado de entón), cun decreto no que **Fernando VII** se presenta como vítima dun escándalo, agradece ás monarquías absolutistas europeas a axuda prestada para recuperar o seu poder absoluto e declara nulo todo o feito durante o **Trienio Liberal**, alegando que foi contra a súa vontade. Por suposto, este decreto acompañouse dunha brutal represión contra os liberais, con viles execucións como a do propio **Rafael del Riego** (arrastrado nun cesto, e colgado publicamente); a da moza **Mariana Pineda** (con garrote vil, por unha suposta bandeira cun lema liberal a medio bordar); ou a do **xeneral Torrijos** (fusilado, cando intentaba un pronunciamento en Málaga); a esta persecución engadiuse tamén o peche de periódicos e universidades, acusados de liberais.

En 1829, **Fernando VII** casaba por 4ª vez, nesta ocasión coa súa sobriña **María Cristina**, tendo 2 fillas. Como a **Lei Sálica**, imposta á chegada dos Borbón, impedía que unha muller herdara o trono, Fernando VII publicou a **Pragmática sanción de 1830***, coa que suspendía esa lei, recuperando o vello costume de Castilla de que as mulleres sen irmán varón puideran reinar; conseguía así que Isabel, a súa primoxénita, puidese herdar a coroa cando el morrese. Este inesperado movemento provocou que o irmán menor de Fernando, **Carlos María Isidro**, que ata entón (ante a falta de fillos varóns de **Fernando VII**) era o lexítimo herdeiro ao trono, reaccionase contra esta medida, co apoio dos absolutistas máis ultra. Así, en 1833, cando **Fernando VII** morreu, comezaron as chamadas **Guerras Carlistas**: unha guerra pola sucesión... pero tamén unha guerra civil entre 2 visións de España: • a España **conservadora**, dos absolutistas (carlistas) • e a España aberta a transformarse, dos **liberais** (isabelinos), que ofreceron o seu apoio a Isabel, filla de **Fernando VII**, a cambio de entrar a gobernar con ela para ir aprobando leis liberais progresivamente. Sen querelo, **Fernando VII**, abriu así a porta ao liberalismo, que logrará por fin ir instaurándose, especialmente a partir de 1839 cando remate a 1ª guerra carlista con vitoria liberal.